

A REFINERÍA E FUNDACIÓN REPSOL DOAN UN NOVO EQUIPAMENTO PARA O COMEDOR DO COLEXIO SAN XOSÉ OBREIRO DE MEICENDE

- **Ao acto acudiron o Director da Refinería, Luís Felipe Llamas; o Alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo; as concelleiras de Educación e Cultura, Celina Varela e Ana Bello; a xerente da área Social de Fundación Repsol, Luisa Roldán; a Presidenta da AMPA, Catalina Gómez e o Director do Centro, Manuel Xesto; así como pais, docentes e alumnos do Colexio.**

O colexio San Xosé Obreiro de Meicende conta desde este novo curso cun comedor escolar máis amplo e con novo equipamento que doou conxuntamente a Refinería e Fundación Repsol. Nun acto que convocou a pais, docentes, alumnos e veciños, levou a cabo a inauguración do novo espazo, na que o Director da Refinería, Luís Felipe Llamas e a xerente da área social de Fundación Repsol, Luisa Roldán fixeron entrega do mobiliario valorado en máis de 6.000€.

Tanto a Presidenta da AMPA, Catalina Gómez como o Director do centro, Manuel Xesto, expresaron o seu agradecemento a Repsol por sacar adiante este proxecto tan necesario para o Colexio San Xosé Obreiro, que viu como se incrementaron as solicitudes do servizo de comedor nos dous últimos cursos. A asociación de pais e nais de alumnos puxo en marcha o comedor escolar en 2008 e xa contou desde os seus inicios co apoio de Repsol para a súa dotación material.

Luisa Roldán de Fundación Repsol destacou que o proxecto se enmarca dentro das múltiples actuacións que desde a Fundación impúlsanse para o desenvolvemento educativo e cultural da contorna veciñal da Refinería. Pola súa banda, Luís Felipe Llamas, manifestou a súa satisfacción por contribuír o desenvolvemento do centro educativo máis próximo ás instalacións de Repsol e lembrou que a doazón deste equipamento dá continuidade á liña de colaboración co colexio, ao que xa foron entregados lousas dixitais, así como mobiliario e equipamentos para o comedor, a biblioteca e a aula de informática.

Ademais asistiron ao acto, o Alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo, acompañado das Concelleiras de Educación, Celina Varela e de Cultura, Ana Bello, quen na súa intervención destacou os investimentos nos proxectos educativos do Concello, entre os que se atopa a ampliación do espazo do comedor, impulsada desde a área de Educación.